



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2014.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se excusan:**

D. José Fernando García Lesta.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de febreiro de 2014, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2013 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2014.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

### **2. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO CUARTO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Sr. Alcalde manifesta que xa saben que ponse a súa disposición este informe, que recolle uns estadillos que resultan do programa informático de contabilidade, no que se



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

pon de manifesto que neste último trimestre non existen obrigas pendentes de pago de máis de tres meses nin se aboaron intereses de demora. Non sei se queren facer algunha consideración ó respecto.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

### **3. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

*MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.*

*Tendo en conta que o tipo de gravame do Imposto de bens inmobles de natureza urbana, segundo o artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pode fixarse polo concello entre un mínimo de 0,4% e un máximo de 1,10%.*

*De conformidade cos artigos 15 a 19, 72 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Facendo uso das facultades conferidas polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en orden á fixación dos elementos necesarios para a determinación da cota tributaria, aprobar provisionalmente a seguinte modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles:*

*“Artigo 13º.-Tipo de gravame*

*Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:*

*a) Bens inmobles de natureza urbana: 0,45 por cento.*

*(...)*

*Disposición final*

*A presente ordenanza fiscal, da que a súa última modificación foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 7 de febreiro de 2014, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa”*

**Segundo.-** *Expor ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

**Terceiro.-** *As reclamacións serán resoltas polo Pleno da Corporación en, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debéndose proceder en todo*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da modificación da Ordenanza.*

*Mesía, 3 de febreiro de 2014. O alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro."*

Manifesta o Sr. Alcalde que o presente acordo consiste en aumentar o tipo de gravame do 0,40 ao 0,45 a partir do ano 2015. A lei permite establecelo entre o 0,40 e o 1,10. Nós tiñamos o mínimo. Paradoxicamente, este tipo de gravame significaría, no ano 2014, pagar un 34% menos do que se está a pagar co tipo de gravame que establece o Estado e, para o ano 2015 implicará pagar un 25% menos do que se está pagando agora. Se non fixéramos isto e non pidemos a actualización de coeficientes, os veciños terían que pagar o vindeiro ano sobre o tipo do 0,60 que impón o goberno central, xa que instaurou o tipo do 0,60 para todos os concellos que tivesen un tipo impositivo inferior para os exercicios 2012 e 2013, e prorrogouno para os anos 2014 e 2015. Nós este ano acollémonos á medida do Estado que implica que, no caso de que o concello teña ponencias de valores aprobadas con anterioridade ao ano 2005, e a nosa é de 1995, os valores actualizaranse progresivamente ata chegar ao 50% do valor de mercado. Neste ano teremos unha merma de ingresos por este concepto dun 34% respecto ao ano 2013, si ben vaise incrementar un 0,10% o valor catastral das propiedades. Adoptamos esta medida porque nos permite facer un esforzo para aliviar aos noso veciños e, para o anos 2015, implicará, coa actualización catastral, que paguen todos os que teñen propiedades, tendo en conta tamén que se aplicarán os cambios de clasificación urbanística derivados do Plan Xeral, polo que haberá propiedades que tributarán doutra maneira. Temos que actualizar a nosa fiscalidade.

Este tipo impositivo é semellante ao do entorno, tomando como referencia os concellos que o teñen menor. Preténdese non someter aos administrados a máis esforzo, pero si ter en conta que todos temos que contribuír. A nosa carga fiscal é a quinta menor da provincia, e para as aportacións supramunicipais, das que dependemos en boa medida, tense en conta a carga fiscal. Moitos concellos ten o 0,60, como Paderne, Toques, Abegondo, Carral ou Ordes. Boimorto, Sobrado ou Monfero teñen o 0,55. Vilasantar, Melide, Aranga e Irixoa teñen o 0,50. E Oroso e Curtis teñen o 0,45 pero sobre ponencias catastrais recentes, polo que tributan todos os que teñen que tributar, o que aquí non pasa, si ben esperemos que para o ano 2015 estea completada a revisión catastral. Coido que é un coeficiente razoable que, de entrada, suporía un aforro do 34% respecto do ano 2013, e un 25% respecto do que terían que pagar os veciños co coeficiente do Estado. Somos afortunados por non ter que esixir máis aos veciños, como fixeron outros moitos concellos aproveitando a coxuntura do incremento do Estado. Pasa a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen manifesta que preferiría seguir co tipo do 0,40 pero entendo perfectamente a súa explicación.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que me parece razoable, na medida en que se lle poda reducir carga impositiva aos veciños, pero tendo en conta que é de xustiza que todos contribúan.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: nove votos a favor, sete correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e dous correspondentes aos concelleiros presentes do PP, e unha abstención, correspondente ao concelleiro presente do BNG.

## **4. MOCIÓN DE APOIO A CONTINUIDADE DO CENTRO DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL (CAISS) DE MELIDE E A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TXSS.**

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

*“O Grupo Socialista do Concello de Mesía, ao amparo do disposto nos artigos 91.4. e 97.3. do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta ante o Pleno Corporativo a seguinte MOCIÓN, Apoio á continuidade do Centro de atención e información da Seguridade Social (CAISS) de Melide e a prestación dos servizos de TGSS, para o seu debate e aprobación, se procede, de acordo co seguinte :*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

1.º O CAISS situado en Melide leva 3 décadas prestando servizo a unha ampla zona do centro de Galicia.

2.º O Centro de Atención e Información do INSS de Melide desenrola as súas competencias proporcionando servizo a poboación das comarcas de Arzúa e Terra de Melide, ademais dos concellos limítrofes de Frades, Mesía e Vilasantar, Palas de Rei e Antas de Ulla na provincia de Lugo e Agolada na provincia de Pontevedra. En total, os concellos dependentes de este servizo pódense estimar en 12: Melide, Toques, Sobrado, Boimorto, Arzúa, Santiso e os seis anteriormente mencionados.

3.º Trátase dunha zona afectada de dispersión xeográfica, unida ao envellecemento da poboación, así coma a dificultade de acceder a transportes públicos axeitados e a utilización xeneralizada de medios informáticos, confirman a necesidade non só da permanencia do Centro de Atención e Información do INSS, senón tamén da ampliación dos servizos do INSS. Tamén é necesario destacar, que todos os pobos citados, foron nas décadas dos anos 50, 60, 70 e seguintes, orixe importante de emigración a distintas partes de España e países de Europa. Sendo, polo tanto, lugares de retorno de persoas en idade de xubilación, que ou ben fixan a súa residencia ou pasa largas tempadas na zona, e aproveitan para realizar as xestións necesarias.

4.º Segundo o Informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA), e a resultas das conclusións das “Jornadas de Traballo de Informática Provincial de la Seguridade Social”, organizadas polo Ministerio de Empleo y Seguridade Social, celebradas en Pozuelo de Alarcón (Madrid) durante os días 26 e 27 de novembro de 2013, prevese unha redución estimada dun terzo dos Centros de Atención e Información do Instituto Nacional da Seguridade Social (CAISS) durante a primavera de 2014.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5.º *Unha medida que de producirse, significaría un grave prexuízo para os administrados/as, por perder un servizo público máis, e favorecerá a aparición de intermediarios privados nunha xestión que historicamente foi eficaz, persoal, directa, gratuíta e accesible aos cidadáns.*

6.º *Que ante o escurantismo e a falta de información sobre os criterios que se van empregar para decidir os CAISS a pechar, así como a falta de garantías expresas do mantemento do servizo na súa ubicación actual, as forzas políticas non debemos permanecer impasibles a que sexa demasiado tarde, por ter o Ministerio a decisión tomada.*

7.º *Con ánimo de estimulalo crecemento económico, impulsala permanencia das empresas e consolidalos postos de traballo desta zona xeográfica, e ampliar o catálogo de prestacións públicas da poboación en xeral, consideramos necesario dotalo CAISS de Melide da capacidade de xestionalas competencias da TGSS;*

## ACORDOS

*Por todo o cal, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Mesía formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes ACORDOS:*

1.º *Apoiar a continuidade do CAISS situado en Melide, e solicitar ao Ministerio de Traballo, á Secretaría do Estado da Seguridade Social e á Dirección General do INSS, que así sexa.*

2.º *Solicitar á Secretaría de Estado da Seguridade Social e á Dirección General do INSS, que estableza nas instalación do CAISS de Melide o Servizo de TGSS.*

3.º *Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Ministra de Traballo, á Secretaria de Estado da Seguridade Social e á Dirección General do INSS.*

*Mesía, 3 de febreiro de 2014.”*

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Sánchez, quen manifesta que traemos aquí esta moción porque dise que, segundo un informe do Ministerio de Emprego, vaise eliminar o centro do INSS de Melide, e trátase dun centro clave para nós, xa que é co que máis traballan os nosos servizos sociais. Pedimos o apoio para que o centro siga funcionando e non se peche.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, manifestando que o seu grupo vai votar en contra, xa que o centro de Melide non está cuestionado. O informe CORA fala de racionalizar os servizos administrativos suprimindo ata un tercio dos centros, pero entendemos que é poñer a venda antes que a ferida, xa que ese centro atendeu catorce mil solicitudes o pasado ano e segundo a nosa información non se vai pechar. A propia moción, no seu apartado quinto di que é “unha medida que de producirse”, polo que nos parece que a moción está fora de lugar.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra a Sra. Sánchez, quen di que, simplemente, o que queremos é manifestar precisamente o noso apoio a que non se peche o centro. Tampouco ninguén dixo que non se fora a pechar.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen di que si nalgún momento houbera indicios de que se vai pechar o centro, non teríamos ningún inconveniente en apoiar a correspondente moción.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, sete correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e un correspondente ao concelleiro presente do BNG, e dous votos en contra, correspondentes aos concelleiros presentes do PP.

## **5. MOCIÓNS.**

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## **6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (447/2013 a 483/2013 e 1/2014 a 34/2014).**

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

## **7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 5 E 19 DE DECEMBRO DE 2013 E 2 E 16 DE XANEIRO DE 2014.**

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## **8. ROGOS E PREGUNTAS.**



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo rogos e preguntas, manifesta o Sr. Alcalde que, como xa veño facendo con esta materia noutros plenos, quero comunicarlles que o día 14 de xaneiro recibíuse no concello un escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso - Administrativo sección 2, de A Coruña, no que se comunica a interposición de recurso contencioso-administrativo por D. Antonio Sánchez Carro contra a resolución de aprobación do Plan Parcial do sector de solo urbanizable S-03 ARS-03, no lugar de O Campo, que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,